Sant-Yago: Santos
do 1955

Sr. Dn. Ricardo Carballo
Calero.
Lugo

Meu querido e admirado amigo: Un abrazo. Mándolle un pequeno regalo, unha copia de unha noveliña feita moi apresa por encarga de uns bós creguiños amigos pra unha editorial de Salamanca adicada a comparanza e desenrolo das vocaciós entusiastas na mocidade.

Con door dos creguiños galegos o tribunal salmanticense estimando que o autor "se complace en las escenas de fornicación" botou a obriña no fondo pozo da condenación.

Mais prégolle que non faga nin cos amigos comentarios sobor do caso que é soio pintoresco.

Saudos a sua dona e fillas e despoña do vello amigo de sempre

R. Otero Pedrayo

Vin algunha vez a sua rapaciña. Semella leda, forte e ditosa estudante. Está ben a cenza nova cinguida a unha pura mocidade.. Un dos meus amigos é seu septenario de poetas. Abrazos.

AC
112 1154-2